



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

RRHH - SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 09 DE AGOSTO DE 2021 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS, EXCLUÍDOS E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO PARA A COBERTURA DE 3 PRAZAS DE TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA (FP) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO POLO SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN (BOP 101, do 06.05.2021)

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por Acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota discapacitados), publicándose no BOP número 101, de 06.05.2021.

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 23.04.2021 (BOP número 101, de 06.05.2021), apróbase a convocatoria e as bases específicas (que complementan as bases xerais) para o ingreso como persoal funcionario de carreira en 3 prazas denominadas TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA (FP), Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Auxiliares, grupo B, polo sistema de concurso - oposición, quenda libre, correspondentes ás Ofertas de Emprego Público dos anos 2017 e 2019.

Rematado o prazo de presentación de instancias, e para cumprimento do establecido nas Bases Xerais 6 e 7, propónse á Presidencia en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo:

A.- PERSOAS ADMITIDOS/AS:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI
1	ANIDO LÓPEZ, RUBÉN	***5104**
2	CABODEVILA PIVIDAL, MATEO	***7669**
3	CASTRO BEGIDE, JOSÉ ANTONIO	***4395**
4	GARCÍA ARIAS, ALBERTO	***7396**
5	GARCÍA NOVO, JAIRO	***4346**
6	GAREA IGLESIAS, MARIO	***5716**
7	GÓMEZ LÓPEZ, ROI	***4895**
8	GRANDÍO ARIAS, TOMÁS	***1793**
9	LÓPEZ ADRIO, JOSÉ MANUEL	***4549**
10	MURAS RODRIGO, JOSÉ MANUEL	***4795**
11	PITA BLANCO, JUAN	***0035**
12	PRADA RUÍZ, ROMÁN	***6560**

13	RAMBERDE IRIMIA, IVÁN	***3960**
14	RAMOS PÉREZ, ISMAEL	***1894**
15	RANDIS DA PENA, JOSÉ	***2273**
16	RODRÍGUEZ BLANCO, PABLO	***3655**
17	SÁNCHEZ LÓPEZ, VÍCTOR MANUEL	***1702**
18	VARELA PÉREZ, MANUEL ÁNGEL	***2012**
19	VARELA PIÑEIRO, ADRIÁN	***8659**

B.- PERSOAS EXCLUÍDAS

APELIDOS E NOME	DNI	TITULACIÓN ACREDITADA	MOTIVO DA EXCLUSIÓN	ARGUMENTACIÓN DA EXCLUSIÓN
ALONSO PÉREZ, SAMUEL	***6998**	Graduado en Enxeñaría Informática	Non acreditar estar en posesión de ningunha das titulacións académica esixida na Base Específica 5.1 "Titulación de Formación Profesional de Grao Superior da Familia de Informática e Comunicacions da LOE: Técnico/a Superior en Administración de sistemas informáticos en rede; Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma; Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións web. Títulos de Formación Profesional de Grao Superior da Familia de Informática da LOGSE: Técnico/a Superior en Administración de sistemas informáticos; técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas. Títulos de Formación Profesional de grao superior da familia de electricidade e electrónica da LOE ou LOGSE: Técnico/a Superior en sistemas de telecomunicacións e informática.	Na convocatoria esíxense Titulacións dos Ciclos Superiores de Formación Profesional, é dicir de técnicos Superiores, por ser prazas incluídas no Grupo B.
DA CUNHA LÓPEZ, JORGE	***2728**	Técnico Especialista Rama electricidade e electrónica equipos de informática (FPPI)		O grupo B que define o art 76 do EBEP resérvase exclusivamente para os Técnicos Superiores (Ciclos Superiores de Formación Profesional), dentro do novo esquema de titulacións da LOE e normativa de desenvolvemento (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maior de Educación e RD 1538/2006, de 15 de decembro. A dita reserva tamén se recolle na Resolución da Secretaría Xeral de Administración Pública de 21.06.2007 (BOE nº 150, de 23.07.2007).
RODRÍGUEZ VILA, JORGE	***3408**	Formación Profesional II Grao, Rama electricidade e electrónica-Especialidade electrónica de comunicacións		Os títulos de FPPI de lexislacións educativas anteriores só alcanzan parcialmente o currículo formativo e competencias dos especificados novos títulos de técnico superior, segundo se recolle nas disposicións indicadas, que recollen as equivalencias existentes, e polo tanto son insuficientes para atender aos cometidos da praza/posto convocado.

2º.- Nomear os/as membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinala, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de recursos humanos, adxunto ao xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Nicolas Fariña Vereá, enxeñeiro informático, adxunto xefe Servizo Comunicación e TICs, na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Luis García Parada, xefe Sección Informática de Recadación da Deputación de Lugo.

Titular: Don Luis Gil Díez, técnico superior administración sistemas informáticos en rede na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Antonio Castro Liz, xefe sección xestión orzamentos na Intervención da Deputación de Lugo.

Titular: Don José Domingo Rodríguez Ferreira, Asesor Técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do servizo de Fiscalización na Intervención da Deputación de Lugo.

SECRETARIO:

Titular: Dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web Corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público- recursos humanos) e no Taboleiro de anuncios da Entidade.

Contra a presente resolución que aproba a lista provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a lista definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a lista provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

Lugo, 12 de agosto de 2021. A secretaria xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2429

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 09/08/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de agosto do 2021 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 11/10/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de agosto de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2430

BEGONTE*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 12 de agosto de 2021, o expediente de modificación de créditos núm. 15 /2021, (4º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de cincuenta e catro mil cincocentos dez (54.510,00) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 12 de Agosto de 2021.- O Alcalde – Presidente, José Ulla Richa.

R. 2431

CERVO*Anuncio*

Polo pleno do Concello de Cervo do 30 de abril de 2021 acordouse a encomenda de xestión e adhesión ao seguinte convenio, o que se fai público de conformidade co artigo 11.3.b da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Rexime Xurídico do Sector Público:

CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE CERVO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19.

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Alfonso Villares Bermúdez, alcalde-presidente do Concello de Cervo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podendo levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscripción de convenios.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das

Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro .- Que a competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

Cuarto .- O artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia prevé que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto na asuntos locais como nos asuntos de interese común se desenvolvan con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis. Entre as formas de colaboración atópase a subscripción de convenios.

Os concellos galegos, por ser a administración máis próxima á cidadanía, están interesados en por en marcha medidas concretas que aborden o impacto que o coronavirus causou no sector da hostalaría e dar unha resposta inmediata ás necesidades que precisan os establecementos hostaleiros e de restauración.

Quinto .- Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

Conforme o artigo 2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

No exercicio destas competencias, e coa finalidade de conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, as autoridades sanitarias adoptaron diversas medidas que afectaron directamente ao sector hostaleiro que abarcaron dende o establecemento de requisitos e limitacións ao desenvolvemento da actividade de hostalaría e restauración ata as medidas de peche temporal destes establecementos.

Sexto.- O sector hostaleiro de Galicia, cunha función económica e social esencial, está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas na creación de emprego. Por este motivo, as distintas administracións públicas están a impulsar medidas para fomentar a actividade económica e mais concretamente para apoiar o mantemento do emprego na hostalaría de Galicia como axentes dinamizadores da economía na comunidade autónoma.

Non é suficiente con desenvolver políticas que favorezan o emprendemento senón que tamén é necesario articular programas que axuden e consoliden as microempresas e traballadores autónomos con persoal contratado ao seu cargo xa establecidos.

Sétimo.- No marco do contexto descrito as diferentes administracións públicas están a adoptar medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade así como polos peches temporais destes establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Entre estas medidas atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Emprego e Igualdade mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23 de febreiro de 2021). Estas axudas contan cun orzamento para o Programa I de 12.000.000 €.

Oitavo.- A concesión das axudas convocadas pola Orde do 22 de febreiro de 2021 realizarase, tal e como recolle no seu artigo 10, pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados na mesma ata o esgotamento do crédito.

Noveno.- Os concellos de réxime común da Comunidade Autónoma teñen interese en complementar as axudas reguladas na antedita Orde do 22 de febreiro de 2021, e comprométese a realizar achegas a aquela para que estas sexan destinadas ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme á normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do concello, sempre e cando estas solicitudes cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

Décimo.- Co fin de poder levar a cabo as actuacións previstas no presente convenio, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes das axudas conforme o establecido no artigo 20 da Orde do 22 de febreiro de 2021, elaborouse unha listaxe coas solicitudes presentadas no ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, que se puxo a disposición dos mesmos co obxecto de que estes, se así o desexasen, procederan a formalizar o presente convenio, no que se determinarán a cantidade total obxecto da súa achega, así como os beneficiarios desta.

O importe da axuda complementaria á establecida na antedita orde ascenderá á cantidade de 1000 € por establecemento e poderá estar destinada ás solicitudes que obtiveran axuda conforme á Orde do 22 de febreiro de 2021, ou a aquelas que non resultaran atendidas por esgotamento de crédito.

De conformidade co exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Cervo para a concesión de das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

CLÁUSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e da Consellería de Emprego e

Igualdade, e o Concello de Cervo para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

Segunda.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da Consellería de Emprego e Igualdade e do Concello de Cervo, e formalizarase mediante a subscrición da correspondente addenda ao mesmo.

Terceira.- Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o 31 de decembro de 2021.

Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a colaboración deixa de ser necesaria. Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte, estendendo non obstante a súa vixencia ata o remate dos procedementos xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que o concello renuncie a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

Cuarta.- Resolución do convenio.

O presente convenio resolverase polas causas legalmente previstas, así como pola ineficacia sobrevida, por desaparecer a necesidade da colaboración, de acordo co previsto na cláusula terceira, polo incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DAS PARTES

Quinta.- Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia

A Comunidade Autónoma de Galicia comprométese, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Consellería de Emprego e Igualdade, a:

-A realización dos trámites necesarios para proceder á xeración dos créditos correspondentes á achega do Concello de Cervo, conforme o disposto nos artigos 66 e 69 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

- Tramitar as axudas correspondentes ás solicitudes presentadas dentro do ámbito territorial propio do Concello de Cervo e que cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

-Unha vez realizados os trámites anteriores, a Consellería de Emprego e Igualdade ditará as resolucións de concesión das axudas complementarias ás establecidas nas bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C) dentro do ámbito territorial propio do Concello de Cervo. A concesión das axudas realizarase nos termos establecidos no convenio.

- A proceder ao pago das axudas concedidas nos termos previstos na Orde do 22 de febreiro e a tramitación e resolución do procedemento de reintegro das mesmas nos casos previstos na Orde do 22 de febreiro e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Sexta.- Obrigas do concello

O Concello de Cervo comprométese:

a) A achegar a contía total de 34.000.€ para complementar, mediante xeración, as axudas da Orde do 22 de febreiro para o Programa I (Hostalaría), co fin de que se destine ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do concello.

Da devandita contía destinaranse 1.000 € para cada un dos establecementos indicados no seguinte apartado ata o esgotamento do crédito total achegado polo concello.

b) A achega destinarase a conceder axudas complementarias, por importe de 1.000 € para cada un dos establecementos, a (marcar cunha X o que proceda):

- (X) as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello.

- (X) ás solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello e que quedasen sen atender por parte da Consellería de Emprego e Igualdade por terse esgotado o crédito asignado ao efecto.

c) A achega realizarase, con carácter voluntario, do seguinte xeito (marcar cunha X o que proceda):

- () mediante a detracción, por parte da Xunta de Galicia, das súas transferencias do Fondo de Cooperación local.
- (X) con cargo ás súas propias partidas orzamentarias. Neste último caso, se o concello non efectuase a súa achega antes do 31 de xullo, a Comunidade Autónoma de Galicia aplicará o disposto nos artigos 59 e 60 da Lei de Orzamentos para o 2021 relativos ao procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local.

CAPÍTULO TERCEIRO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Sétima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, dous representantes da Consellería de Emprego e Igualdade e outros dous en representación do concello.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- A valoración da procedencia de finalizar o convenio antes da data prevista por deixar de ser necesaria a colaboración.

CAPÍTULO CUARTO. FINANCIAMENTO

Oitava. Financiamento

As actuacións previstas neste convenio non supoñen ningún gasto para a Comunidade Autónoma de Galicia, xa que se realizarán cos seus medios propios.

O financiamento do concello ascende a 34.000 €.

CAPÍTULO QUINTO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Novena.- Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa. En especial, o convenio queda suxeito as previsións do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no que proceda, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo primeira.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade

Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, D. Alfonso Rueda Valenzuela. A Conselleira de Emprego e Igualdade, Dña. Mª Jesús Lorenzana Somoza. O alcalde- presidente do Concello de Cervo, D. Alfonso Villares Bermúdez.

Cervo, 12 de agosto de 2021.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2432

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 5 de agosto de 2021, o expediente de modificación de crédito núm. 13/2021 por crédito extraordinario núm. 1/2021, dentro do vixente Orzamento Municipal para 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención do Concello por prazo de 15 días hábiles, que empezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións, que deberán ser dirixidas ao Alcalde - Presidente desta Corporación.

Cervo, 11 de agosto de 2021.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2433

GUITIRIZ

Anuncio

EXP 714/2021

APROBACIÓN ACORDO REGULACIÓN PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONCILIACIÓN.

A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria do 09/08/2021 por delegación do pleno en sesión celebrada o 29/07/2021 o acordo regulador para o establecemento do prezo público pola prestación de servizos de conciliación no seguinte sentido:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONCILIACIÓN.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece o prezo público por prestación de servizos de conciliación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible do prezo público, a prestación do servizo de atención socioeducativa e asistencial nos diferentes servizos de Conciliación do Concello de Guitiriz dentro do marco do programa: Guitiriz Concilia.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS O PAGO

Están obrigados o pago do prezo público regulado neste Acordo as persoas que se beneficien da prestación do servizo, e tamén aquelas que exerzan a patria potestade ou tutela, no caso de menores e incapacitados.

ARTIGO 4.- DEVENGO, XESTIÓN E RECADACIÓN

- Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se solicite a prestación de calquera dos servizos que se regulan neste Acordo.
- O pago realizarase por adiantado no momento da matriculación, polo procedemento de declaración - liquidación (autoliquidación) , como trámite previo á prestación do servizo. Sen o xustificante de ingreso non se poderá cursar a matrícula.
- No caso de solicitude de días soltos para a prestación do servizo e de non ser posible efectuar o pago con anterioridade a prestación do servizo, realizarase o mesmo con posterioridade, non sendo posible a prestación se non se fixeron efectivos todos os pagos por servizos prestados previamente.
- No caso de solicitar a baixa no servizo deberase presentar por escrito antes de rematar o mes anterior a aquel no que se quere deixar de recibir o mesmo. No caso de querer darse de alta novamente no servizo e

cumprido este requisito de solicitude de baixa previa a matrícula pagada será válida para todo o curso escolar en función da modalidade solicitada.

ARTIGO 5.- CONTÍA

A contía do prezo público deste Acordo será fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte según as diferentes modalidades:

- GUITIRIZ MADRUGADOR

- ✓ Matrícula usuario habitual (3 ou máis días á semana): 75€/curso.
- ✓ Matrícula usuario puntual (1 ou 2 días á semana): 50€/curso.
- ✓ Matrícula usuario puntual (un máximo de tres días o mes): 20€/curso.
- ✓ Tarifa xeral día solto (en caso de dispoñibilidade e habilitación de dito servizo): 3€/día.

- CONCILIA TARDES

- ✓ Matrícula usuario habitual (3 ou máis días á semana): 100€/curso.
- ✓ Matrícula usuario puntual (1 ou 2 días á semana): 75€/curso.
- ✓ Matrícula usuario puntual (un máximo de tres días o mes): 35€/curso.
- ✓ Tarifa xeral día solto (en caso de dispoñibilidade e habilitación de dito servizo): 5€/día.

- CONCILIA VACACIÓNS

- ✓ Matrícula 1 semana en horario ordinario: 20€.
- ✓ Matrícula 1 quincena en horario ordinario: 30€.
- ✓ Prezo servizo extra madrugador durante unha semana: 10€.
- ✓ Prezo servizo extra madrugador durante unha quincena: 15€.
- ✓ Prezo servizo extra madrugador día solto: 2,50€/día.
- ✓ Tarifa xeral día solto (en caso de dispoñibilidade e habilitación de dito servizo): 5€/día.

ARTIGO 6.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

- 50% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia con renda per cápita igual ou inferior ao 50% do IPREM no ano en curso.
- 100% por razóns sociais e benéficas para aquelas unidades de convivencia que carezan de ingresos, revisable por cada período de devengo.

ARTIGO 7.- INFRACIÓNS E SANCIÓNS

As deudas polos prezos públicos aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a norma de recadación que sexa de aplicación.

ARTIGO 8.- LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto no presente Acordo estarase o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e na Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente Acordo regulador entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día seguinte o de dita publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa."

Guitiriz, 10 de agosto de 2021.- A Alcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 2434

O SAVIÑO

Anuncio

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO

correspondentes ao 3º bimestre do exercicio 2020, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 11 de agosto do 2021.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 1 de setembro e o 20 de outubro de 2021, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iníciase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviñao. 11 de agosto 2021, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2436

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL

O Pleno do Concello de O Saviñao, na sesión ordinaria celebrada o día 23 de abril de 2021, acordou aprobar inicialmente a modificación da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI)**.

A dita modificación foi exposta ao público por prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP núm. 102, de data 7 de maio de 2021, sen que no dito prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivamente aprobado o acordo inicialmente adoptado, quedando o texto da Ordenanza co seguinte teor literal:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

1. O Imposto sobre Bens Inmóveis é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmóveis sitos no termo municipal de O Saviñao, establecido con carácter obrigatorio no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. De conformidade cos artigos 15.2, 16, 59.1 e do 60 a 77 do citado RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de O Saviñao acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto no Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóveis rústicos e urbanos, e sobre os inmóveis de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóveis ou sobre os servizos públicos ós que estean afectados.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3. Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

4. No caso que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

5. Non están suxeitos a este imposto:

a) As estradas, os camiños e demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.

b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos municipios en que estean enclavados:

- Os de dominio público afectos a uso público.

- Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

- Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 3.- TIPO DE GRAVAME E COTA

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ao municipio de O Saviñao queda fixado nos seguintes termos:

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0, 50%.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0, 30%.

3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1, 3%.

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS

1.- Estarán exentos de conformidade co artigo 62.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os seguintes bens inmobles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penais, así como os dos Estado afectos á Defensa Nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos Acordos de Cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus Organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios situados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de espaxamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

h) Os bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

2.- O concello de O Saviñao establece, atendendo a un criterio de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo a exención dos inmobles rústicos cuxa cota líquida non supere a contía de 3,00 euros e a exención dos inmobles urbanos cuxa cota líquida non supere os 6,01 euros.

ARTIGO 5.- BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do Imposto, *sempre que así se solicite*, a favor dos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta.

A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:

1. Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.
2. Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
3. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.
4. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.
5. Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras até o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese período sexan realizadas efectivamente obras de urbanización ou construción. En ningún caso poderá exceder de tres períodos impositivos.

2.- As vivendas de protección oficial e as que resulten equivalentes a estas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma, gozarán dunha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva.

Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e terá efectos no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto de Vivenda e Solo
- Fotocopia da escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude.

3.- Establecese unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto, ao que se refire o artigo 153 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a favor dos bens rústicos das Cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das cooperativas.

4.- Establecese unha bonificación do 50 por cento *da cota* a favor das vivendas de protección oficial unha vez transcorridos os tres anos desde o outorgamento da cualificación definitiva. A duración da presente bonificación será de 3 anos.

Para obter esta bonificación será necesario presentar:

1. Escrito de solicitude.
2. Certificado de que o devandito inmovible é o domicilio habitual do solicitante.

5.- Os suxeitos pasivos titulares de familias numerosas, segundo o establecido no artigo 2 da Lei de Protección de Familias Numerosas, do 18 de novembro de 2003, sempre que o suxeito pasivo e os demais membros da unidade familiar non sexan propietarios de ningunha outra vivenda terán dereito a unha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto do inmovible que constituía a súa vivenda habitual.

Entenderase por vivenda habitual a efectos desta bonificación, aquela que figura como domicilio do suxeito pasivo no Padrón de habitantes.

Entenderase por membros da unidade familiar tódolos membros que figuren inscritos no Padrón de habitantes así como os que convivan cos contribuíntes no IRPF

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

A bonificación terá duración exclusivamente anual, polo que debe ser solicitada para cada exercicio no que se pretenda a súa aplicación antes da emisión do padrón do imposto. A non presentación da solicitude no prazo

establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

Na solicitude de concesión da bonificación deberá aportarse a seguinte documentación:

- DNI do solicitante
- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba xurdir efectos a bonificación
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia

6. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que esten ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan actividades económicas (actividades agrícolas ou gandeiras) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración, así como as construción destinadas unicamente a actividades agrarias ou gandeiras . Corresponderá dita declaración á Xunta de Goberno Local en canto que competencia delegada do Pleno.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible .
- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica ni coa Seguridade Social.
- Xustificación do recoñecemento da explotación, ou licenza / comunicación da actividade correspondente .

Previamente á súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello, calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello, poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. Se igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro xeito, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal .

7. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

8. As bonificacións establecidas neste ARTIGO non serán compatibles entre si nin acumulables.

ARTIGO 6 - PERÍODO IMPOSITIVO E DEVEÑO

1. O período impositivo é o ano natural
2. O imposto devéñase o primeiro día do ano
3. As declaracións ou modificacións que deban facerse ao Rexistro terán efectividade no deveño do Imposto inmediatamente posterior ao momento en que se produzan efectos catastrais.

ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.”

O Saviñao, 11 de agosto de 2021. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2437

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL**

O Pleno do Concello de O Saviñao, na sesión ordinaria celebrada o día 23 de abril de 2021, acordou aprobar inicialmente a modificación da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)**.

A dita modificación foi exposta ao público por prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP núm. 102, de data 7 de maio de 2021, sen que no dito prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivamente aprobado o acordo inicialmente adoptado, quedando o texto da Ordenanza co seguinte teor literal:

“ ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

O Concello do Saviñao, de conformidade artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece o Imposto de Actividades Económicas que se rexerá neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real Decreto Lexislativo 1259/1991, do 2 de agosto.
- c) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Exencións.

Están exentos do IAE:

- O Estado, as CCAA, entidades locais e organismos autónomos.
- Os suxeitos pasivos durante os dous primeiros exercicios.
- Os seguintes suxeitos pasivos: as sociedades e suxeitos pasivos cuxo importe neto de cifra de negocios sexa inferior a 1.000.000 de euros. Para o devandito cálculo, se se trata de entidade que forme parte dun grupo de sociedades, terase en conta o importe neto de cifra de negocios do conxunto de entidades pertencentes ao devandito grupo.
- Entidades xestoras da S.S.
- Organismos públicos de investigación, establecementos de ensino custeados integramente con fondos do Estado, CCAA ou entidades locais ou por fundacións e establecementos de ensino con concerto educativo.
- Asociacións e fundacións de diminuídos físicos.
- Cruz Vermella
- Os previstos en Tratados Internacionais.

Artigo 3º.- Bonificacións

1. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicárase do seguinte xeito:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 de postos de traballo
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo

- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Esta bonificación terá unha duración de tres anos dende a súa solicitude.

Artigo 4º Cota tributaria.

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, de acordo cos preceptos contidos na Lei e nas disposicións que a complementen e desenrolexen e os coeficientes e as bonificacións prevista pola lei no seu caso, acordados por este Concello e regulados na presente ordenanza fiscal.

Artigo 5º.- Coeficiente de ponderación.

Sobre as cotas municipais, provinciais e nacionais fixadas nas tarifas do imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocio do suxeito pasivo.

- 1,29 (de 1 a 5 millóns de euros)
- 1,30 (ata 10 millóns de euros)
- 1,32 (ata 50 millóns de euros)
- 1,33 (ata 100 millóns de euros)
- 1,35 (máis de 100 millóns)
- 1,31 (sen cifra de negocios)

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo co previsto no parágrafo c) do apartado 1 do artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de catro artigos, entrará en vigor dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación."

O Saviñao, 11 de agosto de 2021. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2438

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello de O Saviñao, na sesión ordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2021, acordou aprobar inicialmente a **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL**.

A dita modificación foi exposta ao público por prazo de trinta días hábiles mediante anuncio no BOP núm. 140, de data 24 de xuño de 2021, sen que no dito prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivamente aprobado o acordo inicialmente adoptado, quedando o texto da Ordenanza co seguinte teor literal:

«ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE O SAVIÑAO.

ARTIGO 1.- CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 ámbolos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais este concello establece o prezo público por prestación do servizo público Escola Infantil do Concello de O Saviñao, especificando as tarifas no artigo 4, que se rexerán polo presente texto normativo.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS O PAGAMENTO

Están obrigados ao prezo público regulamentado nesta ordenanza os pais dos nenos en situación de alta no centro sinalado no artigo anterior e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercizo da patria potestade que se benefician dos servizos ou actividades prestadas ou realizados polo servizo de escola infantil municipal.

ARTIGO 3. OBRIGA DE PAGAMENTO

1.- A obriga do pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza nace dende o momento en que se preste o servizo, excepto no caso da matrícula que se efectuará para a formalización da mesma e no prazo que estipule a administración.

2.- O pagamento das cotas, sen perxuízo do establecido no artigo 5º, realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente ó dito mes ingresarase nos dez días seguintes ó da data do ingreso.

3.- No caso de utilización do servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

4.- Salvo o disposto no artigo 5º, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

5.- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

ARTIGO 4º.**COTAS**

4.1. Prezo de matrícula. O prezo da matrícula será de 40,00 euros por neno/a e curso.

4. 2. Prezo por atención educativa. O prezo por asistencia en xornada completa fíxase en 180,00 euros mensuais.

4. 3. Prezo por servizos complementarios.

4. 3.1.- Comedor

Prezo por comedor: 30 euros mensuais.

No caso de que os nenos/as non utilicen habitualmente o comedor e que, excepcionalmente, desexen utilizar o servizo de comedor algún día solto, o prezo será de 3,00 euros/día.

Xornada completa, incluíndo atención educativa con comedor: 210,00 euros mensuais.

Media xornada, incluíndo atención educativa sen comedor: 100,00 euros mensuais.

Media xornada, incluíndo atención educativa con comedor: 130,00 euros mensuais.

4. 3.2.- Horario ampliado: O prezo mensual de cada hora que se incremente ao horario normal será de 20,00 euros/hora.

4. 4. Descontos

4.1.- Nenos/as pertencentes a familias numerosas: desconto do 20 por cento da cota mensual.

4.2.- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: desconto do 20 por cento da cota mensual.

4.3.- Cando por causas sobrevidas, debidamente xustificadas, o neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

4. 5. Bonificacións

4.5.1. Bonificación do 100 por cento das cotas correspondentes á atención educativa e gratuidade da matrícula, no suposto de matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, segundo o establecido na disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia mentres a mesma estea en vigor; ou ben se manteña a dita bonificación pola normativa autonómica acompañada da financiación correspondente ao dito gasto.

4.5.2. Bonificación do 40 por cento das cantidades correspondentes á atención educativa no suposto de matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar da cota correspondente á atención educativa, unha vez se derroga o establecido na normativa autonómica que contempla a dita bonificación do 100 por cento.

4.5.3. En ningún caso se bonificará o servizo de comedor.

Artigo 5º.**SUSPENSION TEMPORAL DA COTA**

Os suxeitos obrigados aos que fai referencia o artigo 2, non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

- O mes de vacacións anual do neno/a: terán dereito únicamente aqueles menores que estén matriculados durante todo o curso escolar, e dicir, dende o 1 de setembro ao 31 de agosto do ano seguinte.

- Cando, por calquera motivo distinto ao período de vacacións anual baseado nunha causa xustificada, o centro permaneza pechado un prazo superior a 15 días lectivos seguidos.

- Cando, por unha causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de aboar a cota mensual, debendo aportar, xunto coa solicitude de suspensión de pago de cota, unha acreditación documental da circunstancia xustificativa que motiva a non asistencia, que será valorada oportunamente.

DISPOSICION DERROGATORIA.

Queda derogado o acordo de Pleno de 26 de outubro de 2012 polo que se aproba o "Prezo público pola prestación do servizo público da Escola Infantil de O Saviñao".

DISPOSICIÓN DERRADEIRA. A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 de xullo de 2021.»

O Saviñao, 11 de agosto de 2021. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2439

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2021. ANEXO DE SUBVENCIONS LIÑA DE AXUDAS A HOSTALARÍA. (EXP G236/2021).

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 29 de xuño de 2021, a modificación das Bases de Execución do orzamento de 2021, e publicado anuncio de exposición ao público no BOP de Lugo nº 162 de data 17 DE XULLO DE 2021 e non habendo reclamacións de conformidade co acordo adoptado a a modificación considerárase definitivamente aprobada, quedando como segue:

<<

BASE 36 bis. SUBVENCIÓN AO ABEIRO AO DISPOSTO NO ARTIGO 19.2 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIONS DE GALICIA

SUBVENCIÓN AO ABEIRO AO DISPOSTO NO ARTIGO 19.2 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIONS DE GALICIA E, POLO TANTO, NO TEN A CONSIDERACIÓN DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, SENÓN QUE A CONCESIÓN DE AXUDA REALIZARASE POLA COMPROBACIÓN DO CUMPRIMENTO POLOS SOLICITANTES DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA, ATA O ESGOTAMENTO DO CRÉDITO ORZAMENTARIO:

LIÑA DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE TABOADA, PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19: LIÑA DE AXUDAS A HOSTALARÍA.

O Procedemento para a súa concesión será o seguinte:

- Aprobación polo Pleno do Concello das Bases Reguladoras.
- Comprobación da documentación pola Comisión e Verificación creada polo Pleno.
- Proposta da Comisión de Verificación de resolución á Alcaldía.
- Resolución do expediente polo Alcalde.
- Notificación e pagamento.
- Apertura do procedemento de xustificación da subvención por parte do beneficiario da axuda.

DENOMINACIÓN	IMPORTE	PARTIDA
LIÑA DE AXUDAS COVID -19	15.000,00 €	433.480

>>

Taboada, 11 de agosto de 2021.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 2440

*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2021. ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E BASE DE EXECUCIÓN 36. SUBVENCIÓN NOMINATIVA ACIMTA. (EXP G237/2021).**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 29 de xuño de 2021, a modificación das Bases de Execución do orzamento de 2021, e publicado anuncio de exposición ao público no BOP de Lugo nº 162 de data 17 DE XULLO DE 2021 e non habendo reclamacións de conformidade co acordo adoptado a a modificación considerárase definitivamente aprobada, quedando como segue:

ANEXO SUBVENCÍONS NOMINATIVAS 2021

CONCEPTO	APLICACIÓNS	IMPORTE
Subvención "Festas da Vila"	338.480.00	11.000,00 €
Club de fútbol Taboada	341.480.00	6.000,00 €
Club Atlético Taboada	341.480.00	1.000,00 €
Amigos do Mosteiro Conde de Pallares	334.480.00	2.000,00 €
Fundación Amigos de Galicia	334.480.00	2.666,68€
Asociación Mulleres Rurais	414.480.00	700,00 €
Veteranos Fútbol	341.480.00	300,00 €
Convenio Pueblo Saharai	327.480.00	890,00 €
Club de Fútbol Femenino	341.480.00	1.500,00€
Club de Fútbol Os Túzaros	341.480.00	1.500,00€
Os d`equi	334.480.00	1.500,00 €
Rechouchíos	334.480.00	1.000,00 €
ACIMTA	433 47	6.000,00€
TOTAL		36.556,68 €

Taboada, 11 de agosto de 2021.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 2441

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS RÍO OURO (ALFOZ – O VALADOURO)*Anuncio*

De conformidade co establecido no artigo 143 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, faise público o acordo adoptado polo Pleno da Mancomunidade en sesión extraordinaria de data doce de agosto de dous mil vinteún sobre disolución da Mancomunidade de Municipios Río Ouro, o que se somete a información pública polo prazo de un mes aos efectos de reclamacións.

Alfoz, doce de agosto de dous mil vinteún.- O Presidente da Mancomunidade, Jorge Val Díaz.

R. 2442